631/2017/187

Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal en sesión de

05 MAR 2018

Certifico:
El Secretario, p.d.

Diligencia: Se extiende para hacer constar que el documento del EDD 5/15 se presenta con fecha 20/02/2018 para su tramitación
El funcionario encargado



# ESTUDO DE DETALLE DE ORDENACIÓN DE VOLUMES NO SISTEMA XERAL DE EQUIPAMENTOS DO ESTADIO RIAZOR

MONTEOLIVA ARQUITECTURA, S.L.P.

**ARQUITECTO:** ÁNGEL LUIS MONTEOLIVA DÍAZ.

DOCUMENTO PARA APROBACIÓN DEFINITIVA FEBREIRO 2018

Firmado por: PRADO DEL VALLE JUAN CARLOS - DNI 32420027D
Motivo: Compulsa electrónica
Localización: Concello da Coruña
Fecha y hora: 07.03.2018 14:18:16

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal en sesión de

0 5 MAR 2018

Certifico:
El Secretario, pd

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal en sesión de
05 MAR 2018
Certifico:
El Secretario, pd.

# ÍNDICE XERAL

## MEMORIA

1.- Promotor e redactor do estudo de detalle.

2.- Ámbito, situación e obxecto do estudo de detalle.

3.- Antecedentes urbanísticos. Determinacións do PXOM e da lexislación urbanística.

4.- Ordenación adoptada. Condicións estéticas e de integración no entorno.

Anexo I: Fichas elementos catalogados do pxom

Anexo II: Ficha catastral da parcela

Anexo III: Informe da dirección xeral de patrimonio cultural

## ÍNDICE DE PLANOS

INFORMACIÓN

I.00.- Plano de situación.

I.01.- Fotografía aérea.

I.02.- Planeamento vixente: Estrutura xeral e orgánica.

I.03.- Planeamento vixente: Usos globais.

I.04.- Planeamento vixente: Zonificación (folla 026).

I.05.- Planeamento vixente: Zonificación (folla 027).

I.06.- Planeamento vixente: Catálogo (folla 026).

I.07.- Planeamento vixente: Catálogo (folla 027).

I.08 - Topográfico e redes.

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal en sesión de
05 MAR 2018
Certifico:
El Secretario, pd.

ORDENACIÓN

O.01.- Ordenación. Planta de rasante.

O.02.- Ordenación. Planta de cuberta.

O.03.- Seccións.

O-04.- Alzados.

O-05.- Estudo de asoleo.

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal en sesión de
05 MAR 2018
Certifico:
El Secretario, pd.

# MEMORIA

## 1.- PROMOTOR E REDACTOR DO ESTUDO DE DETALLE:

O Promotor do Estudo de Detalle é o Concello de A Coruña.

O técnico redactor do presente Estudo de Detalle é o arquitecto Ángel Luis Monteoliva Díaz, co número de colexiado 779 do COAG.

## 2.- ÁMBITO, SITUACIÓN E OBXECTO DO ESTUDO DE DETALLE:

O ámbito do presente Estudo de Detalle abrangue a totalidade da parcela dotacional correspondente ás instalacións deportivas do complexo do Estadio de Riazor, na cidade da Coruña, e afecta ao equipamento de sistema xeral identificado como "QG-17" no Plan Xeral vixente no momento de redacción do presente Estudo (Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado o 25 de febreiro de 2013), non coincidente coa parcela catastral na que se insiren as edificacións. Tamén se inclúe dentro desta delimitación o ámbito de aparcadoiros situados a carón do Pazo Municipal de Deportes, na marxe leste da parcela dotacional, que forman parte do sistema xeral viario. A delimitación do ámbito deslinda coas seguintes zonas:

- Polo norte, co sistema xeral viario da rúa Manuel Murguía.
- Polo sur, co sistema local viario da Avda. da Habana.
- Polo leste, co sistema xeral viario, correspondente co Paseo Marítimo de Riazor.
- Polo oeste, co ámbito de sistema local de equipamento deportivo-administrativo municipal, correspondente á "Casa del Agua" .

A superficie ordenada de solo acada 48.041 m$^2$.

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal en sesión de
05 MAR 2018
Certifico:
El Secretario, pd.

O Estudo de Detalle ordena a parcela dotacional completa correspondente ao sistema xeral de equipamento deportivo e unha parte de sistema viario (área de aparcadoiro e rúas Habana e Manuel Murguía), incluíndo os volumes do complexo deportivo e precisando os seus confíns. Mantense a volumetría correspondente aos elementos protexidos (Torre de Maratón e Pazo Municipal de Deportes).

O Estadio de Riazor é un equipamento existente anterior á aprobación do PXOM. Foi construído no ano 1944 e proxectado polo arquitecto Rey Pedreira. Dende entón sufriu varias alteracións, sendo a mais importante, a realizada a finais dos 70 por mor do mundial de fútbol do ano 82, e na que se deseña unha cubrición das bancadas. A mediados dos anos 90 volvese a modificar parcialmente a bancada, deixando fora do recinto a Torre de Maratón. O material de cubrición sufriu danos en moitas ocasións debido aos ventos e temporais dos invernos e a estrutura, realizada en malla espacial de barras de aceiro, atópase hoxe deteriorada. E por elo que o Concello ten a intención de renovar a cuberta do edificio mediante a substitución por unha nova estrutura.

O Pazo Municipal de Deportes, proxectado no ano 1967, rematouse no ano 1972, tamén baixo a dirección do arquitecto municipal Santiago Rey Pedreira. Consta dunha cancha central que é rodeada dunha pista de catro rúas para a práctica de atletismo, ademais de ximnasios e vestiarios. No ano 2011 remodeláronse as súas instalacións e servizos, actuacións que viñan a culminar unha serie de intervencións que afectaron á fachada (coa colocación dun novo peche acristalado, proxectado no ano 2008), bancadas e palcos. O paraboloide hiperbólico da cuberta dótao dunha singularidade no entorno, xerando gracias ás estruturas de grandes luces un espazo de 112 m no seu eixo maior e 76 no menor.

En canto ao volume de frontón e piscina, é froito do proxecto do arquitecto Jesús Arsenio Díaz García, datado en 1975. Dous proxectos, de 2012 e de 2016, introduciron cambios e melloras no edificio.

O presente Estudo de Detalle pretende dar cobertura legal e urbanística aos futuros proxectos que afecten á configuración volumétrica do conxunto.

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal en sesión de
05 MAR 2018
Certifico:
El Secretario, pd.

## 3.- ANTECEDENTES URBANÍSTICOS. DETERMINACIÓNS DO PXOM E DA LEXISLACIÓN URBANÍSTICA:

### Determinacións do Plan Xeral

O Concello da Coruña conta cun Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado definitivamente pola Orde de 25 de febreiro de 2013 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. O PXOM formulouse ao abeiro da, hoxe derrogada Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Segundo o Plano 02 do PXOM, "Réxime do solo", os terreos están clasificados como solo urbano consolidado. Segundo o Plano 06 "Zonificación", os terreos están cualificados de sistema xeral de equipamento público de uso deportivo.




**O artigo *5.2.6.1.- Clase Dotacional de Equipamento*, da Normativa do PXOM** define o uso deportivo (DP), no seu apartado segundo:

*"- Deportivo (DP). Se incluyen los campos de deportes en todas sus clases, locales e instalaciones destinadas a la práctica del mismo; centros de*

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal en sesión de
05 MAR 2018
Certifico:
El Secretario, pd.

*recreo, balnearios y baños; piscinas y similares, sean de carácter público o privado."*

En canto á dotación de aparcadoiros, o estandar está definido no mesmo artigo, no seu apartado ***4.- Regulación del aparcamiento***, que ha de cumprirse no caso de realizar algún tipo ampliación do aproveitamento sobre calquera das edificacións presentes no ámbito do Estudo de Detalle:

*"Todos los equipamientos dispondrán, como mínimo, de una plaza de aparcamiento para vehículos automóviles por cada 100 m2 edificables.*

*Además, en el caso de locales de pública concurrencia, se deberá reservar una plaza de aparcamiento para vehículos automóviles cada 25 m2."*

En tal caso habería que cumprir a dotación necesaria baixo rasante, no interior da propia parcela de equipamento, ou ben tal e como se prevé no estudo de detalle, baixo o sistema xeral de viario.

**O artigo *7.2.8.- Norma Zonal 8. Equipamentos*,** regulamenta no seu punto 4.3 os equipamentos públicos:

*"Los equipamentos y dotaciones se adaptarán tipológicamente a la ordenación de la zona dónde se encuadran y mantendrán condiciones de composición urbanística acordes con la misma, respetando y manteniendo las alineaciones de su manzana y colindantes. El resto de los parámetros urbanísticos son libres. No obstante, se podrá adaptar las condiciones de edificación, estándares y programas correspondientes a su legislación específica, mediante la redacción de un Estudio de Detalle."*

Xa que dentro do ámbito do Estudo de Detalle atópanse os elementos catalogados correspondentes á "Torre de Maratón" (ficha do catálogo nº 01-002) e ao "Pavillón Municipal de Deportes" (ficha do catálogo nº 01-001), debese ter en conta o establecido no **artigo *4.1.23.- Réxime de aplicación, apartado 4:***

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal en sesión de
05 MAR 2018
Certifico:
El Secretario, pd.

*"4.- En las parcelas con elementos protegidos, identificados explícitamente por responder a unos valores que motivan la catalogación y que no afectan a la totalidad de la parcela en que se localizan, un estudio de detalle (EDD) integral de la misma, cuyo ámbito de actuación sea el de la propia parcela y como ámbito de referencia el de las colindantes, podrá ordenar la parte no protegida de acuerdo con los parámetros de la zona en que se ubique, con las limitaciones propias derivadas del nivel de catalogación correspondiente."*

Polo tanto, o presente Estudo de Detalle ordena a parcela dotacional completa, mantendo a volumetría correspondente aos edificios protexidos (Pazo Municipal de Deportes de Torre de Maratón) e o polideportivo acaroado ao estadio.

Aos efectos da aplicación da normativa de protección do PXOM, haberá que ter en conta as modificacións introducidas na normativa de protección pola Lei 5/16 de Patrimonio Cultural de Galicia, modificada a súa vez pola Lei 5/2017, de iniciativas empresariais de Galicia.

**Determinacións da lexislación urbanística**

O alcance, contido e documentación dos estudos de detalle están regulados pola Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e polo Decreto 143/2016 polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

**Determinacións da Lei de Patrimonio**

A Lei 5/2016 de 4 de maio de Patrimonio Cultural de Galicia regula os contornos de protección e as zonas de amortecemento nos seus artigos 12 e 13, que no caso que ocupa afectan ao Pazo Municipal de Deportes. A alteración destes espazos incidiría na percepción e comprensión dos valores culturais da edificación.

As determinacións anteriores foron obxecto do informe do 2 de febreiro de 2018, emitido pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia,

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal en sesión de
05 MAR 2018
Certifico:
El Secretario, pd.

no trámite de consultas ás administracións, simultáneo ao trámite de información pública do documento.

## 4.- ORDENACIÓN ADOPTADA. CONDICIÓNS ESTÉTICAS E DE INTEGRACIÓN NO ENTORNO:

O presente Estudo de Detalle ten por obxecto o reaxuste de aliñacións, ordenación dos volumes previstos e a fixación de condicións estéticas na parcela dotacional de sistema xeral de equipamento do complexo deportivo de Riazor.

### 4.1. Reaxuste de aliñacións.

O reaxuste limítase á regularización das aliñacións do equipamento no seu contacto co sistema viario, eliminando recunchos e xeometrías imprecisas, nos espazos da parcela existentes entre o Pavillón polideportivo, o Estadio e o edificio da piscina / frontón, tal e como se reflicte nos planos de ordenación.

### 4.2. Ordenación de volumes.

Xa que o complexo deportivo é un equipamento existente no PXOM e o Concello non ten previsto nin a substitución dos edificios nin a reestruturación volumétrica profunda, senón, unicamente traballos de reforma, mantemento, conservación e substitucións parciais das súas partes, con engadido de elementos que conforman unha nova fachada, o Estudo de Detalle redáctase baixo a premisa dunha definición volumétrica que non semelle diferente á configuración básica actual dos edificios do Estadio e da Piscina-Frontón, establecendo en todo caso, unha marxe de manobra que permita acometer para estas edificacións os tipos de obra previstos no artigo 1.4.7 da Normativa do PXOM, é dicir: obras nos edificios, obras de demolición e obras de nova edificación.

Para cada un dos diferentes volumes existentes no ámbito, establécese o seguinte:

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal en sesión de
05 MAR 2018
Certifico:
El Secretario, pd.

- Torre de Marathón: este elemento atópase catalogado cun nivel de protección estrutural. Consonte o artigo 4.2.5 da Normativa do PXOM (coas modificacións derivadas da Lei 5/16 do Patrimonio Cultural de Galicia), as únicas obras permitidas serán as de restauración, conservación, consolidación e rehabilitación. Polo tanto, deberá conservar o volume correspondente á construción actual.

- Pazo Municipal de Deportes: igual que no caso anterior, esta construción está catalogada cun nivel de protección estrutural. Isto implica que deberá manterse o volume correspondente á edificación actual e as únicas obras permitidas serán as de restauración, conservación, consolidación e rehabilitación, debendo manter as súas fachadas e formación de cuberta, así como os seus elementos estruturais, tal e como se indica no artigo 4.2.5 da Normativa do PXOM (coas modificacións derivadas da Lei 5/16 do Patrimonio Cultural de Galicia).

- Estadio: ao tratarse dun elemento non catalogado, poderá ser obxecto de todo tipo de obra permitida polo PXOM no artigo 1.4.7 da súa Normativa, isto é, demolición, nova edificación e obras no edificio, coas especificacións establecidas nos artigos correspondentes da Normativa e coas condicións de volume definidas graficamente nos planos de ordenación deste instrumento e a edificabilidade total resultante que se sinala mais adiante.

- Piscina e Frontón: do mesmo xeito co Estadio, trátase dun elemento non catalogado, que poderá ser obxecto de todo tipo de obra permitida polo PXOM no artigo 1.4.7 da Normativa:, poderá ser obxecto de demolición, nova edificación e obras no edificio, segundo o indicado nos artigos da Normativa correspondentes (1.4.8, 1.4.9 e 1.4.10), mantendo as condicións de volume definidas graficamente nos planos de ordenación e a edificabilidade resultante que se sinala mais adiante.

O Estudo de Detalle establece unha envolvente volumétrica máxima representada nos planos mediante aliñacións exteriores e interiores ou de

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal en sesión de
05 MAR 2018
Certifico:
El Secretario, pd.

edificación. Mais aló desta envolvente permítense os seguintes usos na parcela e elementos nas construcións:

- Superficies non ocupadas pola edificación, destinados a circulación peonil e pequenas áreas axardinadas residuais, mesmo a parte do campo de fútbol non ocupada pola cuberta das bancadas.

  Nestes espazos, libres de edificación, sitúase a Torre de Maratón, que o presente Estudo mantén nas súas condicións orixinais de volume.

  Amais, o espazo libre de edificación situado entre o Estadio e o Pazo Municipal de Deportes mantense nas súas condicións de espazos de circulación. E un espazo que forma parte do contorno de protección do Pazo Municipal de Deportes.

- Elementos da estrutura vertical dos edificios que sobresaen da aliñación e invaden dun xeito puntual o sistema viario na rúa Manuel Murguía e na Avda. da Habana. Non se contempla un aumento da superficie invadida de sistema viario por parte da estrutura.

- Elementos puntuais sobre as edificacións, tales como antenas, pararraios, bandeiras, banderolas, ou semellantes.

A envolvente volumétrica máxima defínese graficamente nos correspondentes planos de planta, alzados e seccións mediante unha liña envolvente. O volume defínese sobre rasante a partir da altimetría (rasantes) da cartografía do PXOM a escala 1/500.

Da ordenación volumétrica anterior resultará unha edificabilidade total sobre a parcela, distribuída entre as distintas edificacións existentes nela de:

Estadio: ............................................... 35.030 m$^2$
Pazo Municipal de Deportes: .................. 9.718 m$^2$
Piscina e frontón: ................................... 3.346 m$^2$

De xeito adicional admítese, nos edificios non catalogados e espazos libres da parcela, a ocupación baixo rasante da totalidade da parcela, aos efectos de

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal en sesión de 05 MAR 2018 Certifico: El Secretario, p.d.

dispor aparcadoiros soterrados e cuartos de instalacións necesarios para o funcionamento dos edificios.

Por último, tal e como se reflicte no plano de cualificación, admítese a realización dun aparcadoiro soterrado baixo o sistema xeral de viario situado entre a parcela de equipamento e o Paseo Marítimo.

### 4.3. Condicións para a protección do patrimonio histórico e cultural

Calquera actuación das contempladas nos elementos catalogados no ámbito deste estudo de detalle, e obras e intervencións no ámbito inserido dentro do contorno de protección do Pazo municipal de deportes de Riazor precisará da autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, consonte establece o artigo 45 da *Lei de patrimonio cultural de Galicia*, mais, baixo a interpretación integrada do establecido no apartado cuarto da *Instrución do 8 de novembro de 2017 relativa ao trámite de autorizacións en materia de patrimonio cultural nos bens inmobles catalogados e declarados de interese cultural, os seus contornos de protección e as zonas de amortecemento*.

De xeito adicional, no caso de derrubo total do estadio ou parcial que afecte á fachada que da fronte á torre, a nova construción separarase do ben unha distancia suficiente que permita a percepción do ben e non perturbe os seus valores patrimoniais. Aos efectos anteriores non se entenderá por derrubo parcial da fachada, a simple substitución dos elementos de peche existentes na actualidade por outros novos.

A distancia antedita definirase e xustificarase no proxecto de obra que deberá someterse á autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

### 4.4. Condicións estéticas.

En relación ás condicións de integración da edificación ao entorno, establécense as seguintes:

- Os materiais da estrutura e de acabados responderán a unha proposta arquitectónica coherente coa tipoloxía do edificio. Serán duradeiros e con

adecuada resposta ante as solicitacións da atmosfera e do clima ou, no seu caso, susceptibles de someterse ao necesario mantemento.

- O edificio presentará unha imaxe de acabado digno en todas as súas fachadas e panos de peche co exterior, en especial ás que dan fronte á vía pública e ao Pavillón Municipal dos Deportes. Mesmo presentará unha imaxe harmoniosa do conxunto, baixo patróns formais unificados.

- Permítese a implantación de un ou máis rótulos con alusión ao nome do Estadio. Realizaranse baixo a condición de deseño e de materiais de calidade.

- Permítese a instalación de rótulos visibles dende a vía pública, identificativos dos nomes dos locais ou actividades admisibles que se desenvolvan no interior dos edificios, que terán un deseño homoxéneo e coherente coa imaxe dos edificios, e deberán ser aprobados polo Concello.

- Prohíbese expresamente o remate da cuberta con fibrocemento (art. 6.8.7 do PXOM)

A Coruña, febreiro de 2018

O Arquitecto

Asdo.: Ángel Luis Monteoliva Díaz

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal en sesión de

05 MAR 2018

Certifico:
El Secretario, p.d.

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal en sesión de
05 MAR 2018
Certifico:
El Secretario, pd.

# ANEXO I: FICHAS ELEMENTOS CATALOGADOS DO PXOM

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal en sesión de
05 MAR 2018
Certifico:
El Secretario, pd.

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal en sesión de
05 MAR 2018
Certifico:
El Secretario, pd.

3007

| | | | |
|---|---|---|---|
| DENOMINACIÓN: | Palacio Municipal de Deportes de Riazor | Ficha nº: | 01-001 |
| Localización: | Avda. Buenos Aires ,1 | Plano nº: | O10 |
| | | Folla nº: | 026 |
| Tipoloxía: | Edificio exento | Nº de plantas: | 6. |
| Data de construcción: | 1939-1970 | Estilo: | |
| Autor: | Santiago Rey Pedreira | | |
| Materiais fachada: | Formigón armado. | | |
| Caracteres singulares: | En 1939 Santiago Rey Pedreira, como arquitecto municipal, ordea por primeira vez esta parcela vacía entre a Cidade Xardín e o mar. | | |
| Estado de conservación: | Bo. | Propiedade: | Pública |
| Protección existente: | Ningunha | | |

OBSERVACIÓN DO INTERESE

| | |
|---|---|
| Interese de carácter histórico: | Ocupa en orixe unha parcela vacía entre o ensanche, a Cidade Xardín e o mar. |
| Interese de carácter arquitectónico: | Cualidades de deseño dentro da súa tipoloxía. Estrutura singular de formigón armado. |
| Interese de carácter urbanistico: | Conforma fachada Praza de Portugal, frente marítimo. |
| Uso orixinal: | Deportivo |
| Uso actual | |
| planta 1ª: | |
| Planta baixa: | Deportivo |
| Planta tipo: | Deportivo |
| Interese de carácter funcional: | En uso. |
| Observacións: | Incluido no catálogo redactado polo DOCOMOMO |
| Nivel de protección: | II |
| Ordenanza de aplicación: | DP(Pb) |

DILIGENCIA:
que se extiende para hacer constar que el presente documento refundido se corresponde con el documentro aprobado definitivamente por la Orden de 25.02.2013 de la C.M.A.T.I., al que se incorporan las modificaciones señaladas en ella.
A Coruña, a 16 de mayo de 2013
El Oficial Mayor
Alejandro Ramon Antelo Martinez

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal en sesión de
0 5 MAR 2018
Certifico:
El Secretario, pd.

3008

Ficha Nº 01·001

SITUACIÓN



1: 10.000

EMPRAZAMENTO




1: 3.000

PLANTAS/ALZADOS OU DETALLES



FOTOGRAFÍA



DILIGENCIA:
que se extiende para hacer constar que el presente documento refundido se corresponde con el documentro aprobado definitivamente por la Orden de 25.02.2013 de la C.M.A.T.I., al que se incorporan las modificaciones señaladas en ella.
A Coruña, a 16 de mayo de 2013
El Oficial Mayor

Alejandro Ramon Antelo Martinez



Ayuntamiento de A Coruña
Concello de A Coruña

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal en sesión de
05 MAR 2018
Certifico:
El Secretario, pd.

3009

| DENOMINACIÓN: | Torre de maratón | Ficha nº: | 01·002 |
|---|---|---|---|

| | | | |
|---|---|---|---|
| Localización: | Avda. Buenos Aires ,1 | Plano nº: | O10 |
| | | Folla nº: | 026 |
| Tipoloxía: | Edificio exento | Nº de plantas: | --- |
| Data de construcción: | 1939-1944 | Estilo: | Expresionista |
| Autor: | Santiago Rey Pedreira | | |
| Materiais fachada: | 45 m. de alto formigón armado | | |
| Caracteres singulares: | Elemento que queda do orixinal Estadio de Riazor, deseñado por Santiago Rey Pedreira, e inaugurado o 28 de outubro de 1944 xa que a fachada principal foi demolida nos anos 60. | | |
| Estado de conservación: | Regular. | Propiedade: | Pública |
| Protección existente: | Ningunha | | |

OBSERVACIÓN DO INTERESE

| | |
|---|---|
| Interese de carácter histórico: | Aquel hito arquitectónico chamado Torre de marathon non era senón un miradoiro para seguir en panorámica as probas atléticas. |
| Interese de carácter arquitectónico: | Cualidades de deseño dentro da súa tipoloxía |
| Interese de carácter urbanistico: | A torre de maratón aportaba o punto de referencia para tódolo complexo. O xigantesco obelisco resaltaba deste xeito o eixe axial do campo. |

DILIGENCIA: que se extiende para hacer constar que el presente documento refundido se corresponde con el documentro aprobado definitivamente por la Orden de 25.02.2013 de la C.M.A.T.I., al que se incorporan las modificaciones señaladas en ella.
A Coruña, a 16 de mayo de 2013
El Oficial Mayor
Alejandro Ramon Antelo Martinez

| | |
|---|---|
| Uso orixinal: | Deportivo |
| Uso actual | |
| planta 1ª: | |
| Planta baixa: | Deportivo |
| Planta tipo: | Deportivo |
| Interese de carácter funcional: | En uso. |

Observacións:

| | |
|---|---|
| Nivel de protección: | II |
| Ordenanza de aplicación: | DP(Pb) |

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal en sesión de
05 MAR 2018
Certifico:
El Secretario, p.d.

Ficha Nº 01-002

SITUACIÓN



1: 10.000

EMPRAZAMENTO




1: 2.000

FOTOGRAFÍA



PLANTAS/ALZADOS OU DETALLES



DILIGENCIA:
que se extiende para hacer constar que el presente documento refundido se corresponde con el documentro aprobado definitivamente por la Orden de 25.02.2013 de la C.M.A.T.I., al que se incorporan las modificaciones señaladas en ella.
A Coruña, a 16 de mayo de 2013
El Oficial Mayor
Alejandro Ramon Antelo Martinez



Ayuntamiento de A Coruña
Concello de A Coruña

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal en sesión de
0 5 MAR 2018
Certifico:
El Secretario, pd.

# ANEXO II: FICHA CATASTRAL DA PARCELA

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal en sesión de
05 MAR 2018
Certifico:
El Secretario, pd.

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal en sesión de
05 MAR 2018
Certifico:
El Secretario, pd.

GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE HACIENDA Y FUNCIÓN PÚBLICA
SECRETARÍA DE ESTADO DE HACIENDA
DIRECCIÓN GENERAL DEL CATASTRO

# CONSULTA DESCRIPTIVA Y GRÁFICA DE DATOS CATASTRALES DE BIEN INMUEBLE

## REFERENCIA CATASTRAL DEL INMUEBLE

**7321001NJ4072S0001FW**

## DATOS DESCRIPTIVOS DEL INMUEBLE

LOCALIZACIÓN
AV BUENOS AIRES 1
15011 A CORUÑA [A CORUÑA]

USO PRINCIPAL: Deportivo

AÑO CONSTRUCCIÓN: 1982

COEFICIENTE DE PARTICIPACIÓN: 99,999900

SUPERFICIE CONSTRUIDA [m²]: 40.499

## PARCELA CATASTRAL

SITUACIÓN
AV BUENOS AIRES 1
A CORUÑA [A CORUÑA]

SUPERFICIE CONSTRUIDA [m²]: 40.499

SUPERFICIE GRÁFICA PARCELA [m²]: 39.784

TIPO DE FINCA: Parcela construida sin división horizontal

## CONSTRUCCIÓN

| Destino | Escalera | Planta | Puerta | Superficie m² |
|---|---|---|---|---|
| DEPORTIVO | C | OM | UN | 208 |
| DEPORTIVO | 1 | -1 | 55 | 171 |
| DEPORTIVO | 1 | -1 | 54 | 171 |
| DEPORTIVO | 1 | 00 | 49 | 24 |
| OCIO HOSTEL. | 1 | 00 | 50 | 33 |
| DEPORTIVO | 1 | 00 | 51 | 24 |
| DEPORTIVO | 1 | 00 | 52 | 11 |
| DEPORTIVO | 1 | 00 | 53 | 11 |
| DEPORTIVO | 1 | 00 | 56 | 790 |
| DEPORTIVO | 1 | 00 | 57 | 605 |
| DEPORTIVO | 1 | 00 | 72 | 1.561 |
| DEPORTIVO | C | OM | UN | 22 |
| ALMACEN | 1 | 00 | 18 | 20 |
| DEPORTIVO | 1 | 00 | 19 | 21 |
| OCIO HOSTEL. | 1 | 00 | 20 | 293 |
| DEPORTIVO | 1 | 00 | 21 | 52 |

Continua en ANEXO I

INFORMACIÓN GRÁFICA        E: 1/4000




Este documento no es una certificación catastral, pero sus datos pueden ser verificados a través del 'Acceso a datos catastrales no protegidos' de la SEC.

547,400 Coordenadas U.T.M. Huso 29 ETRS89
Limite de Manzana
Limite de Parcela
Limite de Construcciones
Mobiliario y aceras
Limite zona verde
Hidrografia

Martes , 12 de Septiembre de 2017

CONSULTA

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal en sesión de
05 MAR 2018
Certifico:
El Secretario, pd.

GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE HACIENDA Y FUNCIÓN PÚBLICA
SECRETARÍA DE ESTADO DE HACIENDA
DIRECCIÓN GENERAL DEL CATASTRO

# ANEXO I
## RELACIÓN DE CONSTRUCCIONES

**REFERENCIA CATASTRAL DEL INMUEBLE**
**7321001NJ4072S0001FW**

HOJA 1/2

| Destino | Escalera | Planta | Puerta | Superficie. m² |
|---|---|---|---|---|
| DEPORTIVO | 1 | 00 | 22 | 242 |
| DEPORTIVO | 1 | 00 | 23 | 92 |
| DEPORTIVO | 1 | 00 | 24 | 242 |
| DEPORTIVO | 1 | 00 | 25 | 52 |
| OCIO HOSTEL. | 1 | 00 | 26 | 293 |
| DEPORTIVO | 1 | 00 | 27 | 52 |
| DEPORTIVO | 1 | 00 | 28 | 242 |
| DEPORTIVO | 1 | 00 | 29 | 92 |
| DEPORTIVO | 1 | 00 | 30 | 242 |
| DEPORTIVO | 1 | 00 | 31 | 52 |
| DEPORTIVO | 1 | 00 | 32 | 262 |
| DEPORTIVO | 1 | 00 | 33 | 262 |
| OCIO HOSTEL. | 1 | 00 | 34 | 244 |
| OCIO HOSTEL. | 1 | 00 | 35 | 244 |
| DEPORTIVO | 1 | 00 | 62 | 2.165 |
| DEPORTIVO | 1 | 01 | 63 | 105 |
| OFICINA | 1 | 01 | 36 | 105 |
| DEPORTIVO | 1 | 01 | 37 | 2.383 |
| DEPORTIVO | 1 | 01 | 38 | 192 |
| DEPORTIVO | 1 | 01 | 39 | 192 |
| DEPORTIVO | 1 | 00 | 40 | 40 |
| DEPORTIVO | 1 | 00 | 41 | 141 |
| DEPORTIVO | 1 | 00 | 42 | 141 |
| DEPORTIVO | 1 | 00 | 43 | 99 |
| OFICINA | 1 | 00 | 44 | 53 |
| DEPORTIVO | 1 | 00 | 45 | 44 |
| DEPORTIVO | 1 | 00 | 46 | 101 |
| ALMACEN | 1 | 00 | 73 | 99 |
| DEPORTIVO | 1 | 00 | 61 | 1.300 |
| DEPORTIVO | 1 | 00 | 60 | 311 |
| DEPORTIVO | 1 | 01 | 65 | 663 |
| DEPORTIVO | 1 | 01 | 66 | 302 |
| DEPORTIVO | 1 | 01 | 48 | 306 |
| DEPORTIVO | C | OM | UN | 149 |

CONSULTA

Martes , 12 de Septiembre de 2017

GOBIERNO DE ESPAÑA | MINISTERIO DE HACIENDA Y FUNCIÓN PÚBLICA | SECRETARÍA DE ESTADO DE HACIENDA | DIRECCIÓN GENERAL DEL CATASTRO

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal en sesión de
0 5 MAR 2018
Certifico:
El Secretario, pd.

ANEXO I
RELACIÓN DE CONSTRUCCIONES

REFERENCIA CATASTRAL DEL INMUEBLE
7321001NJ4072S0001FW

HOJA 2/2

| Destino | Escalera | Planta | Puerta | Superficie. m² |
|---|---|---|---|---|
| OFICINA | 1 | -1 | 13 | 1.127 |
| DEPORTIVO | 1 | -1 | 14 | 1.127 |
| DEPORTIVO | 1 | 00 | 01 | 20 |
| DEPORTIVO | 1 | 00 | 02 | 45 |
| OCIO HOSTEL. | 1 | 00 | 03 | 58 |
| DEPORTIVO | 1 | 00 | 04 | 45 |
| DEPORTIVO | 1 | 00 | 05 | 97 |
| OCIO HOSTEL. | 1 | 00 | 06 | 32 |
| DEPORTIVO | 1 | 00 | 07 | 47 |
| DEPORTIVO | 1 | 00 | 08 | 47 |
| OCIO HOSTEL. | 1 | 00 | 09 | 23 |
| DEPORTIVO | 1 | 00 | 10 | 133 |
| OCIO HOSTEL. | 1 | 00 | 15 | 58 |
| OCIO HOSTEL. | 1 | 00 | 16 | 58 |
| OFICINA | 1 | 00 | 11 | 22 |
| ALMACEN | 1 | 00 | 12 | 12 |
| DEPORTIVO | 1 | 00 | 64 | 2.912 |
| DEPORTIVO | 1 | 00 | 67 | 260 |
| DEPORTIVO | 1 | 00 | 68 | 2.501 |
| DEPORTIVO | 1 | 00 | 69 | 3.458 |
| DEPORTIVO | 1 | 00 | 70 | 814 |
| DEPORTIVO | 1 | 00 | 71 | 765 |
| ALMACEN | 1 | 00 | 73 | 147 |
| DEPORTIVO | 1 | 00 | 58 | 7.236 |
| DEPORTIVO | 1 | 00 | 59 | 3.536 |
| ALMACEN | 1 | 00 | 47 | 23 |
| DEPORTIVO | 1 | 01 | 01 | 20 |
| ALMACEN | 1 | 01 | 73 | 147 |
| DEPORTIVO | 1 | 02 | 01 | 20 |
| OFICINA | 1 | 02 | 15 | 58 |
| OFICINA | 1 | 01 | 16 | 58 |
| DEPORTIVO | 1 | 03 | 17 | 72 |

CONSULTA

Martes , 12 de Septiembre de 2017

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal en sesión de
05 MAR 2018
Certifico:
El Secretario, pd.

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal en sesión de
0 5 MAR 2018
Certifico:
El Secretario, pd.

# ANEXO III: INFORME DA DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal en sesión de
0 5 MAR 2018
Certifico:
El Secretario, pd.

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal en sesión de
0 5 MAR 2018
Certifico:
El Secretario, pd.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Cultura
Dirección Xeral do Patrimonio Cultural

Edificio Administrativo San Caetano. Bloque 3 -2º
15781-SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 54 00
Fax: 981 544 830

galicia

**INFORME DA DIRECCIÓN XERAL DO PATRIMONIO CULTURAL RELATIVO AO ESTUDIO DE DETALLE PARA A ORDENACIÓN VOLUMÉTRICA DO ESTADIO DE RIAZOR. CONCELLO DA CORUÑA**

| | |
|---|---|
| Plan: | Estudio de detalle para a ordenación volumétrica do estadio de Riazor. Documento para aprobación inicial. Novembro 2017 |
| Ámbito: | Complexo deportivo do estadio de Riazor |
| Autor: | Monteoliva Arquitectura SLP (Ángel Luis Monteoliva Díaz, arquitecto) |
| Promotor: | Concello da Coruña |
| Expediente: | 2017/1167 |

**ANTECEDENTES**

O 01.12.2017 foi aprobado inicialmente o Estudio de detalle para a ordenación volumétrica do estadio de Riazor, pola Xunta de Goberno Local do concello da Coruña.

O 15.12.2017 tivo entrada no Rexistro do edificio administrativo da Xunta de Galicia na Coruña un oficio do concello da Coruña no que solicitaba o informe sectorial en materia de patrimonio cultural ao documento do *"Estudio de detalle para a ordenación volumétrica do estadio de Riazor. Documento para aprobación inicial. Novembro 2017"*, o cal se achegaba en soporte dixital dilixenciado.

O 31.01.2018 foi emitido o informe de arquitectura polos servizos técnicos do Servizo de Patrimonio Cultural da Coruña.

**CONSIDERACIÓNS LEGAIS**

O planeamento vixente no concello da Coruña é o Plan Xeral de Ordenación Municipal (en diante PXOM) do 25.02.2013.

É de aplicación o disposto nas seguintes disposicións normativas:

- Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español.
- Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as directrices de ordenación do territorio.
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- Instrución do 8 de novembro de 2017 relativa ao trámite de autorizacións en materia de patrimonio cultural nos bens inmobles catalogados e declarados de interese cultural, os seus contornos de protección e as zonas de amortecemento (DOG núm. 231 do 05.12.2017)

**INFORME**

O presente informe emítese en virtude do establecido polo artigo 80 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante LSG) e o artigo 34 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (en diante LPCG), que establece que todos os plans, programas e proxectos relativos a ámbitos como a paisaxe, o desenvolvemento rural ou as infraestruturas ou calquera outro que poida supoñer unha afección ao patrimonio cultural de Galicia pola súa incidencia sobre o territorio, deberán ser sometidos ao informe da consellaría competente en materia de patrimonio cultural, que establecerá as medidas protectoras, correctoras e compensatorias que considere necesarias para a salvagarda do patrimonio cultural afectado, sen prexuízo das súas competencias para a posterior autorización das intervencións que puideren derivar dos documentos en trámite.

1. **Descrición do expediente**

O ámbito do estudio de detalle (en diante ED) abrangue a totalidade da parcela dotacional correspondente ao sistema xeral de equipamento deportivo do complexo do Estadio de Riazor e o sistema viario correspondente aos aparcadoiros situados a carón do Pazo Municipal de Deportes, na marxe leste da parcela dotacional

Segundo o documento achegado, o ED ten por OBXECTO o reaxuste de aliñacións, ordenación dos volumes previstos e a fixación de condicións estéticas na parcela dotacional de sistema xeral de equipamento deportivo de Riazor, co fin de *"dar cobertura legal e urbanística aos futuros proxectos que afecten á configuración volumétrica do conxunto"*, se ben se mantén a volumetría correspondente aos edificios protexidos.

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal en sesión de
05 MAR 2018
Certifico:
El Secretario, pd.

O reaxuste consiste na *"regularización das aliñacións do equipamento no seu contacto co sistema viario, eliminando recunchos e xeometrías imprecisos, nos espazos de parcela existentes entre o pavillón polideportivo e o estadio e o edificio piscina/frontón"*.

No relativo a ordenación de volumes, o ED establece unha envolvente volumétrica máxima representada en planos mediante aliñacións exteriores e interiores ou de edificación. Mais aló da envolvente, permítense os seguintes usos na parcela e elementos de construción: circulación peonil e pequenas áreas axardinadas residuais; manter os elementos da estrutura vertical dos edificios que sobresaen da aliñación e invaden o sistema viario nas avenidas Manuel Murguía e da Habana e elementos puntuais sobre as edificacións, tales como antenas, pararraios, bandeiras, bandeirolas ou semellantes.

O estadio e a piscina e frontón poderán ser obxecto de calquera tipo de obra permitida polo artigo 1.4.7 da normativa do PXOM, é dicir: obras nos edificios (restauración, conservación, consolidación, rehabilitación...), obras de demolición (total ou parcial) e obras de nova edificación.

A maiores, admítese, agás baixo os edificios catalogados, a ocupación baixo rasante da totalidade do ámbito para uso de aparcadoiro e cuartos de instalación.

Por último, respecto as condicións estéticas, o ED fai unha referencia xenérica a necesaria calidade final de acabados sen chegar a ningunha concreción. Tamén, sinala que se permitirán a implantación de un ou máis rótulos con alusión ao nome do Estadio e a instalación de rótulos visibles dende a vía pública, identificativos dos inmobles ou actividades admisibles, sen máis limitacións que as xenéricas de que o seu deseño sexa homoxéneo e coherente coa imaxe dos edificios e o uso de materias de calidade.

2. Incidencia da actuación sobre o patrimonio cultural de Galicia

Dentro do ámbito do ED atópanse os seguintes elementos (ambos con protección estrutural) que figuran no catálogo do PXOM:

- Torre de Maratón (ficha núm. 01-002)
- Pavillón Municipal de Deportes (ficha núm. 01-001)

De acordo co disposto nos artigos 8 e 30 da LPCG, estes bens que polo seu interese cultural están recollidos individualmente nun instrumento de planeamento urbanístico, teñen a consideración de bens catalogados.

O ED non modifica o nivel de protección dos bens catalogados nin as obras admisibles conforme ao seu nivel de protección, obras que veñen definidas no artigo 1.4.7 da normativa do PXOM, á cal o texto remite.

No plano correspondente do PXOM (follas 026 e 027 do Plano 10) delimítase un contorno de protección para o pavillón, non así para a torre. Este contorno de protección intégrase no ámbito delimitado do ED, sen que se incorpore ningunha especificación ou reserva respecto as obras ou actuacións que nel se poderán executar, obras que teñen unha singular incidencia no pavillón protexido.

A maiores do sinalado, tendo en conta a amplitude de intervencións posibles no ámbito delimitado amparadas polo ED e o carácter non restritivo das condicións estéticas do documento, considérase necesario que se incorpore no texto un apartado que claramente fixe a necesidade de solicitar a autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural para calquera intervención no ámbito delimitado polo ED que afecten ou poidan poñer en risco os valores culturais protexidos.

Por outra parte, cómpre sinalar que a envolvente volumétrica representada nos planos para o estadio voa sobre a base da torre protexida invadindo o propio espazo da torre, sen respectar o ben.

3. Medidas protectoras e correctoras

Polo antedito cómpre establecer as seguintes medidas protectoras e correctoras:

a. Incorporar no documento un apartado que fixe a obrigatoriedade de solicitar a autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural para as obras e intervencións no ámbito delimitado, conforme establece o artigo 45 da LPCG coas limitacións recollidas no apartado cuarto da Instrución da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitario, do 8 de novembro, relativa ao trámite de autorizacións en materia de patrimonio cultural nos bens inmobles catalogados e declarados de interese cultural, os seus contornos de protección e as zonas de amortecemento, publicada no Diario Oficial de Galicia o 5 de decembro de 2017.

b. Rectificarase a envolvente volumétrica do estadio de xeito que nin o edificio nin o vóo da cuberta invada o espazo da Torre de Maratón.

   Considérase necesario que no caso de derrubo total do estadio ou parcial que afecte a fachada que da fronte á torre, a nova construción se separe do ben unha distancia suficiente que permita a percepción do ben en non perturbe os seus valores patrimoniais.

   Esta distancia se definirá e xustificará no proxecto de obra que deberá someterse a autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal en sesión de
0 5 MAR 2018
Certifico:
El Secretario, pd.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Cultura
Dirección Xeral do Patrimonio Cultural

Edificio Administrativo San Caetano. Bloque 3 -2º
15781-SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 54 00
Fax: 981 544 830

galicia

CONCLUSIÓNS

En consecuencia e por todo o antedito a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, dentro do ámbito das súas competencias emite, respecto ao documento *Estudio de detalle para a ordenación volumétrica do estadio de Riazor. Documento para aprobación inicial. Novembro 2017*, un **informe favorable condicionado** á incorporación das medidas protectoras e correctoras expostas.

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2018
A directora xeral do Patrimonio Cultural

Mª Carmen Martínez Ínsua



ÁMBITO DO ESTUDO DE DETALLE

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal en sesión de

05 MAR 2018

Certifico:
El Secretario, pd.

Concello da Coruña
Área de Rexeneración Urbana e Dereito á Vivenda Planeamento

| | |
|---|---|
| ESTUDO DE DETALLE DE ORDENACIÓN DE VOLUMES NO SISTEMA XERAL DE EQUIPAMENTOS DO ESTADIO RIAZOR | REFERENCIA : 1189 |
| INFORMACIÓN: PLANO DE SITUACIÓN | DATA : Febreiro–2018 |
| O ARQUITECTO ÁNGEL LUIS MONTEOLIVA DÍAZ | N · ESCALA : A3 1:5.000 · FOLLA : 01 · PLANO : I-00 |



Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal en sesión de

05 MAR 2018

Certifico:
El Secretario, pd.

Concello da Coruña
Área de Rexeneración Urbana e Dereito á Vivenda Planeamento

ESTUDO DE DETALLE DE ORDENACIÓN DE VOLUMES
NO SISTEMA XERAL DE EQUIPAMENTOS DO ESTADIO RIAZOR

REFERENCIA : 1189

INFORMACIÓN: FOTOGRAFÍA AÉREA

DATA : Febreiro–2018

O ARQUITECTO
ÁNGEL LUIS MONTEOLIVA DÍAZ

N

ESCALA : A3 1:2.000

FOLLA : 01

PLANO : I-01




ÁMBITO DO ESTUDO DE DETALLE

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal en sesión de
05 MAR 2018
Certifico:
El Secretario, pd.

Concello da Coruña
Área de Rexeneración Urbana e Dereito á Vivenda Planeamento

| | |
|---|---|
| ESTUDO DE DETALLE DE ORDENACIÓN DE VOLUMES NO SISTEMA XERAL DE EQUIPAMENTOS DO ESTADIO RIAZOR | REFERENCIA : 1189 |
| INFORMACIÓN: PLANEAMENTO VIXENTE ESTRUTURA XERAL E ORGÁNICA | DATA : Febreiro–2018 |
| O ARQUITECTO<br>ÁNGEL LUIS MONTEOLIVA DÍAZ | ESCALA : A3 1:6.000 — FOLLA : 01 — PLANO : I–02 |




| | | | |
|---|---|---|---|
| TÉRMINO MUNICIPAL | SUELO URBANO | RESIDENCIAL | |
| DESLINDE DEL DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO-TERRESTRE | SUELO URBANIZABLE | TERCIARIO | |
| LÍMITE INTERIOR DE LA RIBERA DEL MAR | VIARIO PRINCIPAL EXISTENTE | INDUSTRIAL | |
| SERVIDUMBRE DE PROTECCIÓN | VIARIO PRINCIPAL PROPUESTO | INDUSTRIAL ESPECIAL | |
| ZONA DE INFLUENCIA | | | |

GENERAL LOCAL

- ESPACIOS LIBRES
- EQUIPAMIENTOS
- RED VIARIA
- INFRAESTRUCTURAS
- RED FERROVIARIA
- ESPACIOS PORTUARIOS

ÁMBITO DE PROTECCIÓN

- ELEMENTO DE PROTECCIÓN ARQUEOLÓGICA
- CONTORNO DE PROTECCIÓN

HOJA: 009

0 25 50 m

ESCALA
A3 1:5.000
A1 1:2.500

N

Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

PGOM 2013
TEXTO REFUNDIDO

USOS GLOBALES

Marzo 2013

PLANO: 03

ÁMBITO DO ESTUDO DE DETALLE

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal en sesión de
05 MAR 2018
Certifico:
El Secretario, pd.

Concello da Coruña
Área de Rexeneración Urbana e Dereito á Vivenda Planeamento

ESTUDO DE DETALLE DE ORDENACIÓN DE VOLUMES NO SISTEMA XERAL DE EQUIPAMENTOS DO ESTADIO RIAZOR

REFERENCIA : 1189

INFORMACIÓN: PLANEAMENTO VIXENTE
USOS GLOBAIS

DATA : Febreiro–2018

O ARQUITECTO
ÁNGEL LUIS MONTEOLIVA DÍAZ

N

ESCALA : A3 1:6.000

FOLLA : 01

PLANO : I–03

XUNTA DE GALICIA
Documento Refundido do PXOM da Coruña, axustado ás condicións contidas na Orde do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de 25/02/2013.




ÁMBITO DO ESTUDO DE DETALLE

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal en sesión de
05 MAR 2018
Certifico:
El Secretario, pd.

Concello da Coruña
Área de Rexeneración Urbana e Dereito á Vivenda Planeamento

ESTUDO DE DETALLE DE ORDENACIÓN DE VOLUMES NO SISTEMA XERAL DE EQUIPAMENTOS DO ESTADIO RIAZOR

REFERENCIA: 1189

INFORMACIÓN: PLANEAMENTO VIXENTE
ZONIFICACIÓN (FOLLA 026)

DATA: Febreiro-2018

O ARQUITECTO
ÁNGEL LUIS MONTEOLIVA DÍAZ

ESCALA: A3 1:2.500

FOLLA: 01 PLANO: I-04




ÁMBITO DO ESTUDO DE DETALLE

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal en sesión de

05 MAR 2018

Certifico:
El Secretario, p.d.

Concello da Coruña
Área de Rexeneración Urbana e Dereito á Vivenda Planeamento

| | |
|---|---|
| ESTUDO DE DETALLE DE ORDENACIÓN DE VOLUMES NO SISTEMA XERAL DE EQUIPAMENTOS DO ESTADIO RIAZOR | REFERENCIA : 1189 |
| INFORMACIÓN: PLANEAMENTO VIXENTE ZONIFICACIÓN (FOLLA 027) | DATA : Febreiro–2018 |
| O ARQUITECTO: ÁNGEL LUIS MONTEOLIVA DÍAZ — N — ESCALA : A3 1:2.500 | FOLLA : 01 — PLANO : I–05 |




| LÍMITES | ID. ELEMENTOS | CONJUNTO HISTÓRICO | ELEMENTOS ARQUEOLÓGICOS | CAMINO DE SANTIAGO | ELEMENTOS ETNOGRÁFICOS | ELEMENTOS ARQUITECTÓNICOS |
|---|---|---|---|---|---|---|
| TÉRMINO MUNICIPAL | CH CONJUNTO HISTÓRICO | DELIMITACIÓN ZONA PRIMERA | PROTECCIÓN GRADO I | CAMINO DE SANTIAGO | PROTECCIÓN GRADO I | PROTECCIÓN INTEGRAL (I) |
| DESLINDE DE D. P. MARÍTIMO-TERRESTRE | XXX ARQUEOLÓGICO | ZONA RESPETO ZONA PRIMERA | PROTECCIÓN GRADO II | **TORRE DE HÉRCULES** | PROTECCIÓN GRADO II | ESTRUCTURAL (II) |
| LÍMITE INTERIOR DE LA RIBERA DEL MAR | CS CAMINO DE SANTIAGO | DELIMITACIÓN ZONA SEGUNDA | PROTECCIÓN GRADO III | ELEMENTO PROTEGIDO | CONTORNO DE PROTECCIÓN | PROTECCIÓN AMBIENTAL (III) |
| SERVIDUMBRE DE PROTECCIÓN | TH TORRE DE HÉRCULES | ZONA RESPETO ZONA SEGUNDA | CONTORNO DE PROTECCIÓN | ZONA CORE | | CONTORNO DE PROTECCIÓN |
| ZONA DE INFLUENCIA | XXX ETNOGRÁFICO | ZONA TERCERA ELEM. AISLADOS | | ZONA BUFFER | | |
| | XX XXX ARQUITECTÓNICO | | | | | |

HOJA: 026

0 5 10 20 m

ESCALA A3 1:2.000 A1 1:1.000 N

Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña
Servicio de Urbanismo

PGOM 2009

CATÁLOGO

FECHA OCT. 2011

PLANO 10

ÁMBITO DO ESTUDO DE DETALLE

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal en sesión de
05 MAR 2018
Certifico:
El Secretario, pd.

Concello da Coruña
Área de Rexeneración Urbana e Dereito á Vivenda Planeamento

ESTUDO DE DETALLE DE ORDENACIÓN DE VOLUMES
NO SISTEMA XERAL DE EQUIPAMENTOS DO ESTADIO RIAZOR

REFERENCIA : 1189

INFORMACIÓN: PLANEAMENTO VIXENTE
CATÁLOGO (FOLLA 026)

DATA : Febreiro–2018

O ARQUITECTO
ÁNGEL LUIS MONTEOLIVA DÍAZ

N

ESCALA : A3 1:2.500

FOLLA : 01

PLANO : I–06




| LÍMITES | ID. ELEMENTOS | CONXUNTO HISTÓRICO | ELEMENTOS ARQUEOLÓGICOS | CAMINO DE SANTIAGO | ELEMENTOS ETNOGRÁFICOS | ELEMENTOS ARQUITECTÓNICOS |
|---|---|---|---|---|---|---|
| TÉRMINO MUNICIPAL | CH CONJUNTO HISTÓRICO | DELIMITACIÓN ZONA PRIMERA | PROTECCIÓN GRADO I | CAMINO DE SANTIAGO | PROTECCIÓN GRADO I | PROTECCIÓN INTEGRAL (I) |
| DESLINDE DE D. P. MARÍTIMO-TERRESTRE | XXX ARQUEOLÓGICO | ZONA RESPETO ZONA PRIMERA | PROTECCIÓN GRADO II | TORRE DE HÉRCULES | PROTECCIÓN GRADO II | ESTRUCTURAL (II) |
| LÍMITE INTERIOR DE LA RIBERA DEL MAR | CS CAMINO DE SANTIAGO | DELIMITACIÓN ZONA SEGUNDA | PROTECCIÓN GRADO III | ELEMENTO PROTEGIDO | CONTORNO DE PROTECCIÓN | PROTECCIÓN AMBIENTAL (III) |
| SERVIDUMBRE DE PROTECCIÓN | TH TORRE DE HÉRCULES | ZONA RESPETO ZONA SEGUNDA | CONTORNO DE PROTECCIÓN | ZONA CORE | | CONTORNO DE PROTECCIÓN |
| ZONA DE INFLUENCIA | XXX ETNOGRÁFICO | ZONA TERCERA ELEM. AISLADOS | | ZONA BUFFER | | |
| | XXX ARQUITECTÓNICO | | | | | |

HOJA: 027

ESCALA A3 1:2.000 A1 1:1.000

Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña
Servicio de Urbanismo

PGOM 2009

CATÁLOGO

FECHA OCT. 2011

PLANO 10

ÁMBITO DO ESTUDO DE DETALLE

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal en sesión de
05 MAR 2018
Certifico:
El Secretario, pd.

Concello da Coruña
Área de Rexeneración Urbana e Dereito á Vivenda Planeamento

ESTUDO DE DETALLE DE ORDENACIÓN DE VOLUMES NO SISTEMA XERAL DE EQUIPAMENTOS DO ESTADIO RIAZOR

REFERENCIA: 1189

INFORMACIÓN: PLANEAMENTO VIXENTE CATÁLOGO (FOLLA 027)

DATA: Febreiro-2018

O ARQUITECTO
ÁNGEL LUIS MONTEOLIVA DÍAZ

ESCALA: A3 1:2.500

FOLLA: 01 PLANO: I-07




| ABASTECEMENTO DE AUGA | SANEAMENTO | ALUMEADO | | GAS NATURAL | INSTALACIÓNS R-CABLE | INSTALACIÓNS TELEFÓNICA | CANALIZACIÓN MUNICIPAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| TUBERÍA PVC E POLIETILENO | REDE PLUVIAIS | LIÑA AÉREA | COLUMNA ARTÍSTICA | CANALIZACIÓN MP | CANALIZACIÓN EXISTENTE | CABLE CANALIZADO | 4 TUBOS Ø110 PVC |
| TUBERÍA FUND. GRIS E ACEIRO GALV. | REDE FECAIS. TUBERÍA Ø<1000 | LIÑA SOTERRADA | BÁCULO | | SALIDA LATERAL | CABLE AÉREO | 2 TUBOS Ø110 PVC |
| TUBERÍA FIBROCEMENTO | REDE FECAIS. TUBERÍA Ø>1000 | CAIXA ESTANCA | BRAZO MURAL | | ITC | ARQUETA | 1 TUBO Ø110 PVC |
| TUBERÍA FUNDICIÓN | SUMIDOIRO | PASO AÉREO | CABLE | | EDIFICIO | CÁMARA | ARQUETAS |
| | REXISTRO SANEAMENTO | ARQUETA | CENTRO TRANSFORM. | | CABINA TELEFÓNICA | | |
| | | CADRO ELÉCTRICO | OUTRAS INSTALACIÓNS | | | | |
| | | COLUMNA LED | | | | | |
| | | PROXECTOR LED | | | | | |

ÁMBITOS

ÁMBITO DO ESTUDO DE DETALLE

Concello da Coruña
Área de Rexeneración Urbana e Dereito á Vivenda Planeamento

ESTUDO DE DETALLE DE ORDENACIÓN DE VOLUMES
NO SISTEMA XERAL DE EQUIPAMENTOS DO ESTADIO RIAZOR

REFERENCIA : 1189

INFORMACIÓN: TOPOGRÁFICO E REDES

DATA : Febreiro–2018

O ARQUITECTO

ÁNGEL LUIS MONTEOLIVA DÍAZ

N

ESCALA :
A3 1:1.000
A1 1:500

FOLLA : 01

PLANO : I–08




| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| ▪▪▪▪▪ | ÁMBITO DO ESTUDO DE DETALLE | | SUPERFICIE OCUPADA | C | ELEMENTO CATALOGADO |
| ━━━ | ALIÑACIÓN A SISTEMA VIARIO | | SUPERFICIE LIBRE DE EDIFICACIÓN | 01-001 | Nº DE FICHA DO CATÁLOGO |
| ─── | ALIÑACIÓN INTERIOR OU VOO SOBRE VIARIO | | SUPERFICIE VOADA SOBRE SISTEMA VIARIO | P | APARCAMENTO |
| - - - | ALIÑACIÓN INTERIOR OU VOO SOBRE VIARIO EN PROXECCIÓN | | SISTEMA XERAL VIARIO DENTRO DO ÁMBITO | 11.25 | ACOTACIÓN |

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal en sesión de

05 MAR 2018

Certifico:
El Secretario, pd.

Concello da Coruña
Área de Rexeneración Urbana e Dereito á Vivenda Planeamento

ESTUDO DE DETALLE DE ORDENACIÓN DE VOLUMES NO SISTEMA XERAL DE EQUIPAMENTOS DO ESTADIO RIAZOR

REFERENCIA : 1189

ORDENACIÓN: PLANTA DE RASANTE

DATA : Febreiro-2018

O ARQUITECTO

ÁNGEL LUIS MONTEOLIVA DÍAZ

N

ESCALA : A3 1:1.000 A1 1:500

FOLLA : 01

PLANO : 0-01




| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| ÁMBITO DO ESTUDO DE DETALLE | | SUPERFICIE OCUPADA | | ELEMENTO CATALOGADO | C |
| ALIÑACIÓN A SISTEMA VIARIO | | SUPERFICIE LIBRE DE EDIFICACIÓN | 01-001 | Nº DE FICHA DO CATÁLOGO | |
| ALIÑACIÓN INTERIOR OU VOO SOBRE VIARIO | | SUPERFICIE VOADA SOBRE SISTEMA VIARIO | P | APARCAMENTO | |
| ALIÑACIÓN INTERIOR OU VOO SOBRE VIARIO EN PROXECCIÓN | | SISTEMA XERAL VIARIO DENTRO DO ÁMBITO | 11.25 | ACOTACIÓN | |

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal en sesión de
05 MAR 2018
Certifico:
El Secretario, pd.

Concello da Coruña
Área de Rexeneración Urbana e Dereito á Vivenda Planeamento

ESTUDO DE DETALLE DE ORDENACIÓN DE VOLUMES NO SISTEMA XERAL DE EQUIPAMENTOS DO ESTADIO RIAZOR

REFERENCIA : 1189

ORDENACIÓN: PLANTA DE CUBERTA

DATA : Febreiro–2018

O ARQUITECTO
ÁNGEL LUIS MONTEOLIVA DÍAZ

N

ESCALA :
A3 1:1.000
A1 1:500

FOLLA : 01

PLANO : 0-02




ALZADO A1




ALZADO A2




ALZADO A3




ALZADO A4




Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal en sesión de

05 MAR 2018

Certifico:
El Secretario, pd.

Concello da Coruña
Área de Rexeneración Urbana e Dereito á Vivenda Planeamento

ESTUDO DE DETALLE DE ORDENACIÓN DE VOLUMES NO SISTEMA XERAL DE EQUIPAMENTOS DO ESTADIO RIAZOR

REFERENCIA: 1189

ORDENACIÓN: ALZADOS

DATA: Febreiro-2018

O ARQUITECTO

ÁNGEL LUIS MONTEOLIVA DÍAZ

N

ESCALA: A3 1:1.000 A1 1:500

FOLLA: 01 PLANO: 0-03






Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal en sesión de

05 MAR 2018

Certifico:
El Secretario, pd.

Concello da Coruña
Área de Rexeneración Urbana e Dereito á Vivenda Planeamento

ESTUDO DE DETALLE DE ORDENACIÓN DE VOLUMES
NO SISTEMA XERAL DE EQUIPAMENTOS DO ESTADIO RIAZOR

ORDENACIÓN: SECCIÓNS

| | |
|---|---|
| REFERENCIA : | 1189 |
| DATA : | Febreiro–2018 |
| O ARQUITECTO | ÁNGEL LUIS MONTEOLIVA DÍAZ |
| ESCALA : | A3 1:1.000 / A1 1:500 |
| FOLLA : | 01 |
| PLANO : | 0-04 |


EQUINOCIO DE PRIMAVERA - 21 DE MARZO
8:00 HORA SOLAR


SOLSTICIO DE VERÁN - 21 DE XUÑO
8:00 HORA SOLAR


EQUINOCIO DE OUTONO - 21 DE OUTUBRO
8:00 HORA SOLAR


SOLSTICIO DE INVERNO - 21 DE DECEMBRO
8:00 HORA SOLAR


EQUINOCIO DE PRIMAVERA - 21 DE MARZO
12:00 HORA SOLAR


SOLSTICIO DE VERÁN - 21 DE XUÑO
12:00 HORA SOLAR


EQUINOCIO DE OUTONO - 21 DE OUTUBRO
12:00 HORA SOLAR


SOLSTICIO DE INVERNO - 21 DE DECEMBRO
12:00 HORA SOLAR


EQUINOCIO DE PRIMAVERA - 21 DE MARZO
16:00 HORA SOLAR


SOLSTICIO DE VERÁN - 21 DE XUÑO
16:00 HORA SOLAR


EQUINOCIO DE OUTONO - 21 DE OUTUBRO
16:00 HORA SOLAR


SOLSTICIO DE INVERNO - 21 DE DECEMBRO
16:00 HORA SOLAR

Aprobado definitivamente por el Pleno Municipal en sesión de
05 MAR 2018
Certifico:
El Secretario, pd.

Concello da Coruña
Área de Rexeneración Urbana e Dereito á Vivenda Planeamento

| | |
|---|---|
| ESTUDO DE DETALLE DE ORDENACIÓN DE VOLUMES NO SISTEMA XERAL DE EQUIPAMENTOS DO ESTADIO RIAZOR | REFERENCIA : 1189 |
| ASOLEAMENTO | DATA : Febreiro–2018 |
| O ARQUITECTO<br>ÁNGEL LUIS MONTEOLIVA DÍAZ | FOLLA : 01 PLANO : 0-05 |

N